

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2013, da Universidade da Coruña, pola que se ordena a publicación do texto refundido do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes, aprobado polo Consello Social do 18 de xullo de 2012 e modificado polo Consello Social do 23 de xullo de 2013.*

O artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU) estableceu que os grupos de investigación recoñecidos pola universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, así como o seu profesorado, ben a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán asinar contratos con persoas, universidades ou entidades públicas ou privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

Tamén dispuxo que serán os estatutos de cada universidade, no marco das normas básicas ditadas polo Goberno do Estado, os que establecerán os procedementos de autorización destes traballos e de sinatura deses contratos, así como os criterios para fixar o destino dos bens e recursos que con eles se obtiveren. Así o fai o artigo 58 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro). Doutra banda, na súa sesión do 8 de novembro de 2005, o Consello Social aprobou o regulamento que desenvolve o artigo 58 destes estatutos, de conformidade co artigo 4.k) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema universitario de Galicia.

Desde entón, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, adoptou distintas medidas de estímulo da actividade de transferencia de coñecemento cara ao tecido produtivo e institucional, as cales cómpre desenvolver axeitadamente tendo en conta a tendencia xeneralizada a potenciar a xeración de ingresos por esta actividade universitaria.

Este regulamento trata de responder ao anterior contexto e mellorar a eficiencia na xestión, a claridade e a rastrexabilidade dos procedementos administrativos, así como a calidade dos negocios contractuais establecidos pola Universidade da Coruña (en diante UDC), para transferir o coñecemento por ela xerado á sociedade e ao seu sistema produtivo.



Por todo isto, o Consello Social da UDC, do 18 de xullo de 2012, por proposta do Consello de Goberno da Universidade do 17 de xullo de 2012, e con base nas competencias outorgadas pola normativa aplicable, acordou aprobar o seguinte regulamento para a contratación de traballos científicos, técnicos, artísticos ou docentes na UDC por parte dos seus grupos, departamentos e institutos de investigación, e do seu profesorado a través deles.

Posteriormente, e á vista da experiencia adquirida na aplicación do Regulamento, o Consello Social do 23 de xullo de 2013, por proposta do Consello de Goberno do 28 de maio de 2013, aprobou modificar unha serie de aspectos, habilitando a secretaría xeral da Universidade para refundir nun só texto o Regulamento e ordenando a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo único

Ordénase a publicación do texto refundido do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (artigo 83 da LOU), que se insire a seguir.

Disposición transitoria

Os contratos subscritos polo profesorado, os grupos de investigación, os departamentos ou os institutos universitarios con anterioridade á data de entrada en vigor deste regulamento rexeranse polo regulamento que estaba en vigor no momento de os asinar.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Regulamento para a contratación de traballos de carácter científico, técnico ou artístico aprobado polo Consello Social na súa sesión do 8 de novembro de 2005.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 2 de setembro de 2013

Xosé Luís Armesto Barbeito  
Reitor da Universidade da Coruña



**Texto refundido do Regulamento para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (artigo 83 da LOU)**

**TÍTULO I  
Cuestións xerais**

**Artigo 1. *Obxecto***

Este regulamento ten por obxecto establecer o réxime e o procedemento de xestión dos contratos que asinaren o profesorado e os grupos de investigación recoñecidos pola UDC, así como os departamentos e institutos universitarios de investigación desta universidade, con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas, para a realización de servizos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

**Artigo 2. *Ámbito obxectivo de aplicación***

1. Serán considerados contratos de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes todos aqueles negocios xurídicos de carácter oneroso en virtude dos cales a UDC se comprometer a prestar servizos a terceiros que consistiren na realización dunha actividade ou a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración a cambio dun prezo certo.

2. Tamén se someterán a este regulamento os contratos de servizos e subministración subscritos pola UDC que tiveren por obxecto prestacións ou produtos necesarios para a execución de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou servizos técnicos, cando a presentación e obtención de resultados derivados de tales proxectos estiver ligada a retornos científicos, tecnolóxicos ou industriais susceptibles de se incorporaren ao tráfico xurídico e a súa realización for encomendada a equipos de investigación da UDC mediante procesos de concorrencia competitiva.

**Artigo 3. *Negocios e contratos excluídos***

Non estarán suxeitos a este regulamento:

a) Os contratos de edición asinados polo profesorado xa para a publicación dos seus libros, traballos ou traducións científicas xa para a preparación de orixinais destinados á publicación, nin tampouco calquera tipo de premio que obtiveren.



b) Os traballos profesionais do profesorado acollido ao réxime de dedicación a tempo parcial, sempre que non supuxeren o emprego de medios, instalacións, equipamentos ou servizos da UDC.

c) Os convenios de colaboración asinados pola UDC, sempre que polo seu obxecto e finalidade non deban ser considerados contratos onerosos de servizos. No entanto, nestes casos este regulamento terá carácter supletorio.

## TÍTULO II

### Da preparación dos contratos

#### Artigo 4. *Da promoción dos contratos*

1. Calquera investigador/a ou grupo de investigación adscrito á UDC, estiver ou non en servizo activo a tempo completo, poderá promover a incoación dos expedientes de contratación regulados neste título.

2. Para tal efecto, remitirá á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia por vía telemática o formulario de encomenda de servizo e o borrador de contrato, de conformidade cos modelos que aquela determinar.

3. A persoa promotora da contratación da UDC terá a consideración de investigadora principal e responsable da execución do contrato, agás que non proceda por motivos legais debidamente motivados ou se no propio contrato se dispuxer outra cousa. As aplicacións orzamentarias do gasto vinculado á execución do contrato abriranse, de ser o caso, ao seu nome.

Para poder actuar como responsable da execución dun contrato, o persoal ao servizo da UDC deberá asinar unha declaración responsable de non estar incurso nas causas legais de prohibición para a contratación pública.

4. A presentación de ofertas por parte dos investigadores da UDC, baixo o CIF desta, a procedementos negociados ou abertos convocados por entidades do sector público deberá ser autorizada polo/a reitor/a ou o/a vicerreitor/a en que delegar, que asinará a proposta no nome da UDC.

Os investigadores propoñentes informarán a vicerreitoría competente da súa intención de se presentaren a un concurso ou unha licitación públicos, así como das condicións da devandita participación, no prazo máximo de cinco (5) días desde a licitación se publicar.



No caso de dous ou máis grupos de investigación pretenderen presentarse a un mesmo concurso, o/a reitor/a ou o/a vicerreitor/a en que delegar dará pulo á integración dos grupos nunha oferta única. De non chegarse a un acordo, non poderá presentarse ningunha oferta no nome da UDC.

5. Exceptúase do previsto na alínea anterior a presentación de ofertas aos concursos de proxectos previstos na lexislación vixente, que os investigadores principais poderán asinar no seu propio nome, en canto profesores universitarios, ao abeiro do artigo 83 da LOU. Caso de seren adxudicatarios do contrato, poderán formalizalo logo do outorgamento da autorización prevista no artigo seguinte, excluíndose a prima ou premio do cómputo do prezo do contrato para os efectos previstos no artigo 17.

#### Artigo 5. *Autorización do expediente de contratación*

1. Unha vez remitida a documentación prevista no artigo anterior, a vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia instruirá e resolverá a autorización para contratar nun prazo máximo de quince (15) días. En caso de silencio administrativo, este considerárase positivo.

2. Denegarase a autorización nos casos seguintes:

a) Cando a realización dos traballos puider ocasionar un prexuízo serio ao labor docente, ou cando implicar actuacións impropias dos investigadores universitarios.

b) Cando o tipo de traballo propio do contrato estiver atribuído a determinados profesionais en virtude de disposición legal e o/a investigador/a contratante carecer do título correspondente.

c) Cando as obrigas contidas no contrato implicaren, de feito, a constitución dunha relación estable.

3. Tamén será necesaria a autorización prevista neste artigo cando, logo de formalizado o contrato, se produciren modificacións substanciais dos seus termos. Entre outras, considerárase causa de modificación substancial a alteración do prezo nunha porcentaxe superior ao 20 %, así como tamén o cambio do/a investigador/a principal.

4. Contra a denegación da autorización, que deberá obter o informe favorable da Comisión de Investigación da UDC, caberá presentar un recurso potestativo de reposición durante o prazo dun (1) mes perante o propio órgano que a ditase, ou ben, directamente,



un recurso contencioso-administrativo durante un prazo de dous (2) meses. Os devanditos prazos contarán desde o día seguinte ao da notificación.

*Artigo 6. Servizos sometidos a taxas ou prezos públicos*

No caso dos servizos que, pola súa natureza, foren prestados de forma repetida ou recorrente a cambio dunha taxa ou prezo público, será de aplicación un formulario abreviado de encarga de servizo, sen necesidade de formalización contractual.

*Artigo 7. Réxime especial de adxudicación dos servizos e subministracións necesarios para atender os contratos xestionados pola UDC*

Os contratos de servizos e subministración que tiveren por obxecto prestacións ou produtos necesarios para a execución de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou servizos técnicos, cando a presentación e obtención de resultados derivados de tales proxectos estiver ligada a retornos científicos, tecnolóxicos ou industriais susceptibles de se incorporaren ao tráfico xurídico e a súa realización for encomendada a equipos de investigación da UDC mediante procesos de concorrencia competitiva, adxudicaranse mediante os seguintes procedementos:

a) Contratos de importe inferior a 18 000 €, adxudicación directa polo/a investigador/a principal.

b) Contratos de importe superior a 18 000 €, adxudicación por procedemento negociado sen publicidade e sen mesa de contratación. Nestes casos, a escolla entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, e a escolla deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaer na proposta económica máis vantaxosa.

*Artigo 8. Réxime especial dos contratos de actividades docentes*

1. Para a promoción de contratos de actividades docentes, formativas e de especialización impartidas polo persoal da UDC con outras entidades públicas ou privadas abondará coa designación ou o nomeamento dun/ha profesor/a da UDC por parte da autoridade competente para presumir a existencia dunha contratación, cuxa formalización contractual será opcional, sen prexuízo da autorización regulada na alínea seguinte.

2. A solicitude de autorización destes contratos deberá incluír o obxecto da actividade docente ou de formación, a institución pública ou privada demandante, a desagregación



das horas docentes, o importe da actividade e a persoa designada para a súa impartición, xunto cunha declaración responsable desta persoa de non estar incurso en situación de incompatibilidade, de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades, ou norma que a substitúa. O prazo máximo para resolver sobre estas autorizacións é de quince días e, transcorrido sen resolución expresa, o contrato considerárase autorizado por silencio positivo.

3. O órgano competente para instruír e resolver os expedientes destes contratos é a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

4. Prohíbese a cesión ou subcontratación desta clase de contratos.

5. Cando o importe da actividade docente autorizada supere os 500 euros, será facturada pola xerencia da Universidade, que detraerá a dedución prevista no artigo 17 do presente regulamento. Non caberá a delegación da xestión deste tipo de contratos.

### TÍTULO III Regulación do contrato

#### Artigo 9. *Formalización dos contratos*

Os contratos perfecciónanse pola súa formalización entre o órgano competente da UDC ou, de ser o caso, a entidade expresamente habilitada para iso por un convenio de colaboración coa UDC, e o terceiro contratante. Serán nulos de pleno dereito os contratos que non foren asinados pola persoa competente, sen prexuízo das normas de suplencia aprobadas polas entidades en caso de vacante, enfermidade ou ausencia da persoa titular da competencia.

Para formalizar a contratación da UDC será órgano competente a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia.

#### Artigo 10. *Rexistro das autorizacións e dos contratos*

Os orixinais de todas as autorizacións de prestación de servizos e de todos os contratos sometidos a este regulamento serán arquivados na vicerreitoría competente en materia de investigación e transferencia para o seu control, seguimento e avaliación. Para tal efecto, creárase un rexistro informático na Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) en que constarán en cada expediente os datos básicos das autorizacións e os seus contratos.

O acceso a este rexistro será público, ora ben, deberá respectarse o segredo comercial ou empresarial naqueles casos en que así se prever no propio contrato.



**Artigo 11. Contido dos contratos**

Os contratos sometidos a este regulamento conterán, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Identificación das persoas asinantes e a representación que desempeñan.
- b) Obxecto e duración do contrato.
- c) De ser o caso, prego de prescricións técnicas en que se definan as prestacións obxecto do contrato.
- d) Prezo acordado, prazos de entrega ou realización do traballo, prazos e formas de pagamento.
- e) Identificación da persoa responsable do contrato e daquelas persoas da UDC adscritas á súa execución, con precisión da categoría e o réxime de dedicación.
- f) Mecanismos previstos para o seguimento e control dos traballos que se levarán a cabo.
- g) Réxime de responsabilidades, que non poderá comportar a asunción destas por un importe superior ao do contrato.
- h) Titularidade dos resultados, de ser o caso, xerados como consecuencia do contrato, así como dos dereitos de explotación sobre eles ou, na súa falta, previsión da remisión a un acordo futuro para determinala.
- i) Regulación da confidencialidade dos datos que se obtiveren ou serviren de base para a execución do contrato.

**Artigo 12. Responsable do contrato e participación do persoal da UDC**

1. Corresponde ao responsable do contrato designado de conformidade coas regras previstas no artigo 4.3, o impulso da súa formalización, a supervisión da súa execución, e a adopción das ordes e instrucións que sexan precisas para asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades definidas polo presente regulamento e, en particular:

- a) A proposición do contrato, adaptando o contrato-tipo existente.





b) A proposición da imputación de gastos á aplicación orzamentaria aberta ao seu nome, así como a emisión de facturas fronte a terceiros.

c) A elección da entidade responsable da xestión delegada.

d) A designación, supervisión e, se for o caso, substitución motivada do persoal propio adscrito á execución do contrato, en caso de incumprimento grave das súas instrucións.

e) A adopción das decisións que procedan en caso de subcontratación de prestacións por obra ou servizo determinado.

f) A proposición das prórrogas do contrato.

2. O persoal da UDC designado polo responsable do contrato para a súa execución poderá aceptar a execución dos contratos sometidos ao presente regulamento, sen que tal participación poida supor redución da súa xornada e dedicación ordinarias. A aceptación da integración no equipo de traballo situará o persoal baixo a dependencia funcional do responsable da execución do contrato.

*Artigo 13. Participación do persoal investigador da UDC en contratos doutras universidades ou OPI*

Logo de autorización da persoa titular do órgano con competencias en transferencia, os/as investigadores/as da UDC poderán integrarse nos equipos de execución de contratos doutras universidades públicas ou organismos públicos de investigación.

Para solicitar a devandita autorización deberá remitirse ao órgano competente a solicitude de encomenda de servizo. Dos pagamentos que se realicen á Universidade da Coruña, a xerencia procederá a liquidar a porcentaxe de custos de xestión e retorno previstos no artigo 17 do presente regulamento.

*Artigo 14. Subcontratación*

1. Nos contratos xestionados pola UDC poderán subcontratarse aquelas prestacións que non puideren ser atendidas polo seu persoal propio, sempre e que o seu importe non



supere o 50 % do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE. A subcontratación por un importe superior a 17. 999,99 €, máis IVE requirirá a tramitación dun procedemento en que debe constar a solicitude de oferta a, cando menos, tres provedores.

2. A contratación laboral de persoal por obra ou servizo será tramitada polo órgano competente da UDC, de acordo cos procedementos legalmente establecidos e o convenio colectivo que resultar de aplicación.

#### Artigo 15. *Gastos imputables á execución do contrato*

1. Terán a consideración de gastos derivados da execución do contrato os desembolsos imputables aos seguintes conceptos:

a) Adquisición de equipamentos e material inventariable, e realización de obras, así como mantemento e reparación dos equipamentos adquiridos.

b) Adquisición de material funxible.

c) Bolsas de colaboración para estudantes.

d) Viaxes e manutención.

e) Gastos de imprenta, reprografía, servizos informáticos etc.

f) Retribucións do persoal propio da UDC.

g) Investimentos derivados da contratación de servizos específicos con entidades públicas ou privadas, empresas ou persoas físicas externas á UDC.

h) Gastos correspondentes á utilización dos equipamentos adscritos aos servizos xerais de investigación, segundo os prezos públicos aprobados pola UDC para o seu uso.

i) Custos de xestión e retorno á UDC.

j) De ser o caso, póliza de cobertura das responsabilidades derivadas da execución do contrato.

k) Outros gastos necesarios para a correcta execución do contrato.



2. Os ingresos xerados por estes contratos terán a consideración de ingreso de dereito público da UDC.

3. Terán a condición de ingresos procedentes dos contratos os importes facturados, sen incluír o imposto sobre o valor engadido (IVE). A persoa responsable do contrato destinará tales ingresos a sufragar os gastos derivados da execución deste, con carácter preferente os contraídos con terceiros e os custos de xestión e retorno á UDC previstos no artigo 17 deste regulamento.

#### Artigo 16. *Límites na percepción de retribucións*

1. A cantidade percibida anualmente por calquera membro do profesorado universitario con cargo a estes contratos non poderá exceder o resultado de incrementar nun 50 % a retribución anual que lle corresponder á máxima categoría docente académica en réxime de dedicación a tempo completo por todos os conceptos retributivos previstos no Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, ou norma que o substituír.

2. Os ingresos que se xeraren por riba da anterior cantidade como consecuencia da execución do contrato terán a consideración de ingreso non-afectado da UDC.

#### Artigo 17. *Custos de xestión e retorno á UDC*

1. Incluírase no prezo de todos os contratos unha epígrafe destinada á cobertura dos custos de xestión e retorno á UDC, a cal non poderá ser inferior ao 13 % do orzamento total do contrato (IVE excluído).

2. No caso das entidades vinculadas á UDC cun convenio vixente que as habilitar para a xestión delegada de contratos do artigo 83 da LOU, estas procederán á liquidación e ao ingreso como mínimo do 8 % do orzamento dos contratos (IVE excluído) que xestionaren a favor da UDC.

Excepcionalmente, poderá admitirse a liquidación da anterior cantidade mediante a achega de investimentos reais inventariables ou a centros específicos da UDC, sempre que estas excepcións estiveren previstas no convenio entre a UDC e a entidade vinculada.



**Artigo 18. *Propiedade dos bens obtidos na execución do contrato***

1. Os contratos deberán incluír unha regulación das porcentaxes de titularidade e explotación económica da propiedade industrial e intelectual dos resultados xerados con ocasión da execución do contrato, nos termos previstos pola lexislación de aplicación e o Regulamento de propiedade industrial e propiedade intelectual da UDC.

2. Todos os bens mobles e inmobles que se financiaren a través destes contratos serán integrados no patrimonio da UDC, e dados de alta no seu inventario, agás excepción expresa en contra do contrato, que deberá respectar en calquera caso a lexislación de patrimonio das administracións públicas.

**Artigo 19. *Confidencialidade***

O persoal da UDC e das entidades xestoras de contratos que participar na xestión ou execución dos contratos estará obrigado a respectar a confidencialidade comercial exixida polas cláusulas que neste sentido figuren incorporadas ao contrato.

**Artigo 20. *Responsabilidade***

1. Caso de que a UDC deba indemnizar terceiros por danos ou perdas causados pola indebida execución das prestacións contractuais ou por actividades desenvolvidas polos integrantes do equipo de traballo no seu ámbito, incoarase acción de regreso contra o/a responsable, nos termos previstos polo artigo 145.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Para o aseguramento da responsabilidade civil en que poidan incurrir os membros do equipo de traballo, tanto a UDC coma os integrantes deste poderán concertar seguros de responsabilidade civil con cargo aos ingresos do contrato.

**TÍTULO IV****Xestión administrativa****Artigo 21. *Xestión e seguimento dos contratos***

1. Con carácter xeral, sempre que non se dispuxer outra cousa no contrato, a xestión económica dos contratos será efectuada polo/a investigador/a da UDC responsable



da execución do contrato mediante a solicitude da emisión da factura ou as facturas correspondentes, segundo se pactar no contrato, á unidade de xestión económica do contrato.

2. A persoa responsable da execución do contrato poderá optar pola encomenda da xestión económica deste a medios propios e instrumentais da UDC ou a aquelas entidades sen ánimo de lucro con que mantiver un convenio específico de colaboración a UDC, ao abeiro do artigo 83 da LOU.

A devandita encomenda non suporá en ningún caso a cesión da titularidade da competencia de contratación ou dos elementos substantivos do seu exercicio. Será responsabilidade da UDC ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico deren soporte á concreta actividade material obxecto da encomenda ou en que esta se integran. Con todo, nestes casos a facturación será realizada pola entidade colaboradora.

3. Aos importes facturados aplicaráselles o tipo de IVE que corresponder no momento da devindicación da operación. A UDC ou a entidade xestora farase cargo da liquidación tributaria deste imposto de conformidade coa normativa vixente.

